

Esptar e deitarse máis tarde ca o sol, andar na bici, xogar na praia, embadurnarse de xeados e sandías, sacar brillo aos parques, disfrutar das amizades, papases, mamases, avós, avoas, ti@s, curmáns/ns, pasear ás amizades de 4 patas, millor ás gatunas non que se pasean soas... e un anaquiño diario para voar sen esnafrate, sen parapente, globo nin avión; un anaquiño de relax que podes compartir na cama, na herba, no sofá, na area, na túa árbore favorita. Sen compromisos, sen obrigas, só polo pracer de saborear cada verba, cada ilustración, cada imaxe que as túas neuronas (nunca collen vacacións) dibuxarán na túa cabeza asoleada. Cada día, un anaquiño de LECTURA. Pídete un libro por aprobar. Para aprobar. Visita a Biblioteca Municipal. Intercambia libros cos/as amig@s. Pídelles a alguén que te lea. Lelle ti a alguén...

No verán,



Coma sempre...



un bo

libro

e unhas lectoras
vacacións.

<http://www.pinterest.com/micabigotes/>

<http://contosebigotes.blogspot.com.es/>

<https://www.facebook.com/pages/Mica-Bigotes/453006128117356>

DENDE A
BIBLIOTECA
"PAULA
CARBALLEIRA"



E. Gorey

LECTOR@S AVANZAD@S

PENSANDO
NESTE VERÁN
DE 2015...

...que tod@s pensades
disfrutar ...




© Beth Wilson 2013


... o rato gordecho e máis
eu saímos buscar o millor
alimento fresquiño e
saboroso para que as
vosas neuronas non só
naden na praia:

LECTURA!!!

• **Astérix gladiador e Astérix e os godos-**
Goscinnny e Uderzo-
Xerais: Xerais volve
traernos as aventuras
desta aldea gala. Im
perdibeis, para calquer
xeración. Tamén a túa.



Xa coñeces aos



personaxes, adéntrate
na súa aldea para non
parar de rir. Non quedas
só na risa. Busca algo
máis.



• **O corazón da maxia-**
X. Estévez-Xerais: Cando
Mistre chega ao hospital,
Laura, que leva moito tempo
alí enferma, inventa para ela
historia e personaxes,
Mistera e Aulea, que deben
atopar aos dragóns. Sen
eles, non haberá paz.

• **O meu pesadelo favorito-María Solar-**
Galaxia: A medicación que toma
Manuel faille ter uns sonos ben
estraños. Defensa a ultranza da
diversidade e a diferenza, a
loita polos soños, a satisfacción
de compartir. Onírico, si (busca
no dicionario)



• **Sira e o robot-M. Wiersma-Xerais:** Non
só para ler, tamén escoitar, esta historia
futurista de Sira e o seu
mixiriqueiro robot, William.
Pretenden viaxar a Titán para
participar nun certame musical.
Humor e misterio.




• **Druídas-María Canosa-**
Embora: Area está
convencida de que o seu avó ten
poderes, que é un druída. Fantasía
e realidade non sempre son
antagónicas.



• **Galicia encantada.** O país das
mil e unha fantasías-A. Reigosa-
Xerais: Coñécenas de traballar na
súa web. Agora podes telas na
man, lendas, ritos, mitos,
costumes...de todo o país, o das
1001 fantasías.

• **Primates-J. Ottaviani-**
Norma: O traballo e vida
destas tres grandes
científicas, que cambiaron o
noso xeito de entender aos
primates.



• **Plum.** Historias gatunas 1 e
2-Natsume Hoshino-Norma:
Taku vive coa súa nai,
profe de danza
tradicional, e con Plum,
gatiña doce e consentida,
que ten a mala idea de
levar á casa a Flake, un
gatiño que atopa na rúa e
que lle vai cambiar a vida.



Se che gustou Chi, non te perdas Plum.

• **A rosa d'Adina-Acadacanto:** Catro
grandes da nosa música
actual para esta selección
de poemas de Rosalía de
Castro.

